



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** *Modificación de saldos iniciais de Dereitos pendentes de cobro (baixa de dereitos) Trámite de audiencia.*

**Expediente:** 2026/X998/000044

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos xurídicos que a continuación se expoñen:

**Primeiro:** O día 16/06/2026 iniciouse o procedemento para a modificación de saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro (baixa de dereitos), de exercicios pechados, detallados pola Intervención, na súa comunicación de data 16/06/2026, por un importe total de 317.493,16 euros, que poden estar afectados polo instituto da prescrición, por transcorrer o tempo máximo previsto para a súa esixencia; ou existen outros motivos que xustifican a súa baixa na contabilidade.

**Segundo:** O día 16/06/2026, emitíuse informe pola Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para proceder á modificación dos saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro (baixa de dereitos) de exercicios pechados.

**Terceiro:** As Bases de Execución do Orzamento de Lousame sinalan:

***“3. As acumulacións e baixas que procedan serán ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente, expoñeranse ó público para reclamacións e serán aprobadas, se é do caso, polo Pleno”***

Á vista do anterior, e no cumprimento do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común

### **RESOLVO:**

**Primeiro:** Someter o expediente a un trámite de audiencia, durante o prazo de dez días hábiles, a fin de que calquera interesado poida comparecer no mesmo, aos efectos de alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. Este trámite de audiencia será publicado no BOP e Taboleiro da sede electrónica.

**Segundo:** Instruído o procedemento, sometelo á resolución do Pleno Corporativo.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

